



Pfpp. [S2306162- PFPP S2331098 Creación dun documental cos polos creativos](#). IES Félix Muriel

Obxectivos Pfpp – Docuserie “O Mar en Rianxo”

O proxecto "O mar en Rianxo" consiste na realización dunha mini docuserie de varios capítulos, de duración inferior a 5 minutos cada un, no que se tratarán diversos temas relacionados co mar en/e Rianxo. A docuserie será gravada integramente en lingua galega, e será levada a cabo polos estudantes do centro IES Félix Muriel.

Profesorado participante:

O profesorado participante está formado por un equipo de 9 integrantes peretencentes a diversas áreas didácticas: Matemáticas, Língua Galega, Tecnoloxía, X^a e H^a e Ciclos formativos.

Coñecementos previos

Entre os participantes hai profesorado que xa ten experiencias previas de traballo audiovisual a través de diferentes formacións desenvolvidas dentro da oferta de formativa do profesorado así como en creación de contidos e proxectos de aula.

- Formación audiovisual a través de cursos de formación do profesorado ofertados dende a Consellería
- Formación audiovisual con Sergio Clavero e o proxecto de Aturuxo Films no IES Cacheiras.
- Formación audiovisual con CinEd
- Formación en emprego de instrumentos de gravación e edición audiovisual
- Creación de contidos audiovisuais e proxectos de aula a través do audiovisual (no pasado curso por exemplo, a través da creación dunha [campaña publicitaria e obradoiro de vídeos con OLLOBOI](#))

Materiais e recursos Polos Creativos para creación audiovisual:

- 6 tabletas Lenovo Android LAP 11
- Cámara fotográfica e gravadora Canon EOS 2000D
- Cámara de vídeo Sony



Pfpp. [S2306162- PFPP S2331098 Creación dun documental cos polos creativos](#). IES Félix Muriel

- Gravadora
- Dous micros
- Soportes: lanza, trípode para tablet, dous trípodes para móbil, trípode para cámara de fotos
- Dous ginbal smooth Q3
- Tres portátiles e un sobremesa HP con sistema Windows e Linux (maqueta Abalar)
- Dúas pantallas verdes para chromakey

Obxectivos específicos da formación Pfpp proxecto:

1. Emprego de ferramentas de creación audiovisual
2. Técnicas de traballo en edición audiovisual de documentais
3. Coñecementos básicos de realización de curtometraxe
4. Realización dunha docuserie en capítulos (modo curtometraxe, 5' de duración)

Obxectivos específicos do proxecto:

o Fomentar o uso do idioma en situacións comunicativas reais, desenvolver habilidades de expresión oral e escrita, e aprender a utilizar a linguaxe audiovisual.

o Fomentar a creatividade e a innovación, desenvolver habilidades para utilizar ferramentas tecnolóxicas de gravación, edición e montaxe de audio e vídeo, e aprender a traballar en equipo.

o Fomentar a curiosidade polo mundo natural, desenvolver habilidades para investigar e recompilar información sobre o ecosistema mariño, e aprender sobre a importancia da conservación do medio ambiente.

o Coñecer a historia de Rianxo, as súas tradicións e a súa relación co mar, e comprender a influencia dos factores xeográficos na vida dos seus habitantes.



Pfpp. [S2306162- PFPP S2331098 Creación dun documental cos polos creativos](#). IES Félix Muriel

o Desenvolver habilidades creativas para a elaboración de material audiovisual, e fomentar a apreciación da arte cinematográfica e audiovisual.

o Fomentar valores como o respecto e a responsabilidade no coidado do medio ambiente, e comprender a importancia da colaboración e o traballo en equipo na consecución de obxectivos comúns.

Obxectivos de etapa relacionados... do Decreto 156/2022 e 157/2022

Este proxecto estará ou poderá estar ligado a case tódolos obxectivos de etapa recollidos no Decreto 156/2022 da ESO ou no Decreto 157/2022 do bacharelato, sen embargo, os obxectivos de etapa máis estreitamente relacionados co proxecto pola natureza do mesmo son:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.



Pfpp. [S2306162- PFPP S2331098 Creación dun documental cos polos creativos](#). IES Félix Muriel

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.